



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2015-2016

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**As necesidades ocupacionais da poboación
do Concello de Fene dende unha
aproximación comunitaria: un estudo
documental**

Alba García Fariña

Xuño de 2016

Directores do traballo

Inés Viana-Moldes. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña.

Xoán Miguens Vázquez. Profesor do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña.

Índice

Resumo e palabras clave	7
Resumen y palabras clave.....	9
Abstract and keywords.....	11
1. Introducción	13
1.1. Saúde pública.....	13
1.2. Terapia Ocupacional.....	16
1.3. Concello de Fene	20
2. Obxectivos	23
2.1. Obxectivo xeral	23
2.2. Obxectivos específicos	23
3. Metodoloxía	24
3.1. Tipo de estudo.....	24
3.2. Ámbito de estudo.....	24
3.3. Entrada ao campo	26
3.3.1. Solicitude de datos ao Concello de Fene	26
3.3.2. Busca en base de datos	26
3.4. Criterios de inclusión e de exclusión	27
3.5. Técnica de recollida de datos	27
3.6. Variables de estudo	27
3.6.1. Poboación	27
3.6.2. Entorno e recursos	28
3.6.3. Ocupación	29
3.7. Análise dos datos	29
3.8. Aspectos éticos	29
4. Resultados.....	30
4.1. Poboación.....	30
4.1.1. Resumo dos resultados sobre a poboación	43
4.2. Entorno e recursos	44
4.2.1. Entorno.....	44
4.2.2. Recursos	47
4.2.3. Resumo dos resultados sobre o entorno e os recursos	58

4.3. Ocupación	60
4.3.1. Resumo dos resultados sobre a ocupación	63
5. Discusión	64
6. Conclusións	74
7. Agradecementos.....	75
8. Bibliografía.....	76
Apéndices	83
Apéndice I: Glosario de acrónimos.....	84
Apéndice II: Busca de evidencia científica	85
Apéndice III: Documento de colaboración na investigación	86

Índice de Figuras

Figura 1. Determinantes da saúde segundo Dahlgren and Whitehead....	14
Figura 2. Localización do Concello de Fene en España, Galicia e a Comarca de Ferrolterra.....	24
Figura 3. Parroquias que conforman o Concello de Fene.....	25
Figura 4. Evolución da poboación do Concello de Fene desde 1900 ata 2011	31
Figura 5. Evolución da poboación do Concello de Fene desde 2011 ata 2015.....	31
Figura 6. Evolución da natalidade e da mortalidade do Concello de Fene desde 1996 ata 2014	32
Figura 7. Evolución da idade media da poboación do Concello de Fene de 1998 a 2014.....	33
Figura 8. Poboación do Concello de Fene por grupos quinquenais de idade no 2015.....	34
Figura 9. Número de persoas residentes no Concello de Fene segundo a nacionalidade de 1991 a 2011	35
Figura 10. Número de persoas residentes no Concello de Fene segundo a nacionalidade de 2011 a 2015.....	36
Figura 11. Número de persoas do Concello de Fene residente no estranxeiro de 2009 a 2015	37
Figura 12. Taxa de risco de pobreza nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá de 2007 a 2014	38
Figura 13. Número de xeracións nos fogares do Concello de 1991 a 2011	39
Figura 14. Número de persoas que compoñen os fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011	40
Figura 15. Número de persoas ocupadas nos fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011	41
Figura 16. Número de persoas desempregadas nos fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011.....	42

Figura 17. Distribución da poboación do Concello de Fene segundo a zona urbana ou rural onde viven no 2015	45
Figura 18. Número e tipo de vivendas no Concello de Fene de 1991 a 2011	46
Figura 19. Gasto municipal en Euros do Concello de Fene por áreas no 2015.....	47
Figura 20. Número de centros educativos de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten no Concello de Fene de 2005 a 2015	53
Figura 22. Alumnado matriculado en Ensinanzas de Réxime Xeral en funcionamento por nivel de ensinanza no Concello de Fene de 2005 a 2012	60
Figura 23. Número de persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo do Concello de Fene de 2011 a 2015.....	61
Figura 24. Número de persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral por grupos de idade do Concello de Fene no 2015	62

Índice de Táboas

Táboa I. Criterios e inclusión e exclusión.....	27
Táboa II. Resumo dos resultados do apartado de poboación.....	43
Táboa III. Tipo e número de recursos deportivos no Concello de Fene no ano 2015.....	48
Táboa IV. Tipo e número de efectivos relacionados coa seguridade no Concello de Fene no 2015.....	50
Táboa V. Tipo e número de incidencias en canto á seguridade rexistradas pola Policía Local no Concello de Fene no ano 2015.....	50
Táboa VI. Tipo e número de persoas empregadas públicas no Concello de Fene no ano 2015.....	51
Táboa VII. Tipo e número de asociacións no Concello de Fene no ano 2015.....	51
Táboa VIII. Centros Culturais e Recreativos no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).	52
Táboa IX. Tipo e número de recursos sociosanitarios no Concello de Fene no ano 2015.....	55
Táboa X. Escolas, programas e actividades deportivas no Concello de Fene no ano 2015.....	56
Táboa XI. Tipo de programas de saúde, benestar social e igualdade no Concello de Fene no ano 2015.....	57
Táboa XII. Resumo dos resultados de entorno do apartado de entorno e recursos.....	58
Táboa XIII. Resumo dos resultados de recursos do apartado de entorno e recursos.....	58
Táboa XIV. Resumo dos resultados de ocupación	63

Resumo e palabras clave

Introdución: O papel da Terapia Ocupacional en Saúde Pública é escasamente recoñecido en España, polo que se considera necesaria realizar unha aproximación crítica dende a mesma, tomando ao Concello de Fene como exemplo para desenvolver un estudo poboacional.

Obxectivos: Describir as necesidades ocupacionais da poboación do Concello de Fene e detectar as prioridades de actuación máis urxentes, de aquí a 10 anos.

Metodoloxía: Realízase un estudo descritivo a través da metodoloxía cuantitativa, seguindo a estrutura do Modelo Persoa-Entorno-Ocupación. O ámbito de estudo é a poboación do Concello de Fene, situado na provincia da Coruña. A entrada ao campo e a recollida de datos realizouse mediante a posta en contacto co Concello e bases de datos poboacionais públicas (IGE, INE).

Resultados: Detéctanse as necesidades ocupacionais do Concello de Fene e suxírense unhas liñas de actuación de aquí a 10 anos. Estas son: a atención ás persoas maiores; o acompañamento no proceso de xubilación; a atención á infancia e á adolescencia, así como, á discapacidade e á dependencia; a atención ás persoas en situación de desemprego ou precariedade laboral e; por último, fomentar e garantir a accesibilidade do entorno de Fene, así como, da entidade do Concello.

Conclusións: Para desenvolver actuacións dende Terapia Ocupacional co obxectivo de mellorar a Saúde Pública, débense facer cunha mirada ampla da comunidade, involucrándoa no proceso. A Terapia Ocupacional contribúe á consecución de sociedades ocupacionalmente inclusivas, máis xustas e equitativas.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Palabras clave: Saúde Pública, Terapia Ocupacional, xustiza ocupacional comunidade, cidadanía, participación.

Tipo de traballo: Estudo de investigación

Resumen y palabras clave

Introducción: El papel de la Terapia Ocupacional en Salud Pública es escasamente reconocido en España, por lo que se considera necesaria realizar una aproximación crítica desde la misma, tomando al Concello de Fene como ejemplo para desenvolver un estudio poblacional.

Objetivos: Describir las necesidades ocupacionales de la población del Concello de Fene y detectar las prioridades de actuación más urgentes, de aquí a 10 años.

Metodología: Se realiza un estudio descriptivo a través de la metodología cuantitativa, siguiendo la estructura del Modelo Persona-Entorno-Ocupación. El ámbito de estudio es la población del Concello de Fene, situado en la provincia de A Coruña. La entrada al campo y la recogida de datos se realizó mediante la puesta en contacto con el Concello y bases de datos poblacionales públicas (IGE, INE).

Resultados: Se detectan las necesidades ocupacionales del Concello de Fene y se sugieren unas líneas de actuación de aquí a 10 años. Estas son: la atención a las personas mayores; el acompañamiento en el proceso de jubilación; la atención a la infancia y a la adolescencia, así como, a la discapacidad y a la dependencia; la atención a las personas en situación de desempleo o precariedad laboral y; por último, fomentar y garantizar la accesibilidad del entorno de Fene, así como, de la entidad del Concello.

Conclusiones: Para desarrollar actuaciones desde Terapia Ocupacional con el objetivo de mejorar la Salud Pública, se deben hacer con una mirada amplia de la comunidad, involucrándola en el proceso. La Terapia Ocupacional contribuye a la consecución de sociedades ocupacionalmente inclusivas, más justas y equitativas.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Palabras clave: Salud Pública, Terapia Ocupacional, justicia ocupacional comunidad, ciudadanía, participación.

Tipo de trabajo: Estudio de investigación

Abstract and keywords

Introduction: The paper of the Occupational Therapy in Public Health is scantily recognized in Spain, for what it is considered necessary to realize a critical approximation from the same one, taking the Fene Council as an example to unroll a population study.

Objectives: To describe the occupational needs of the population of the Fene Council and to detect the most urgent priorities of action, of the present to 10 years.

Methodology: A descriptive study is realized through the quantitative methodology, following the structure of the Person-Environment-Occupation Model. The area of study is the population of the Fene Council, placed in the province of A Coruña. The entry to the field and the withdrawal of information was realized by means of the putting in touch with the Council and population public databases (IGE, INE).

Results: The occupational needs of the Fene Council are detected and a few lines of action are suggested of the present to 10 years. These are: the attention to the older people; the accompaniment in the process of retirement; the attention to the infancy and to the adolescence, as well as, to the disability and to the dependence; the attention to the persons in situation of unemployment or precariousness work and; finally, to promote and to guarantee the accessibility of Fene's environment, as well as, of the entity of the Council.

Conclusions: To develop actions from Occupational Therapy with the aim to improve the Public Health, they must be done by a wide look of the community, involving her in the process. The Occupational Therapy contributes to the attainment of occupationally inclusive societies, more fair and equitable.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Keywords: Public Health, Occupational Therapy, occupational justice community, citizenship, participation.

Type of work: Research work.

1. Introducción

O presente apartado deste traballo de investigación, atópase organizado de acordo ao seguinte: Saúde Pública, Terapia Ocupacional e Concello de Fene.

1.1. Saúde pública

O papel da Terapia Ocupacional en Saúde Pública é escasamente recoñecido en España, polo que se considera necesario realizar unha aproximación e construción dende a mesma.

O modelo bioecolóxico de desenvolvemento humano de Bronfenbrenner supón que toda situación que se dá na vida dunha persoa ocorre nun ambiente determinado, o cal inflúe sobre a mesma. Este modelo fai énfase sobre o ambiente, mais propón que se debe estudar de maneira interrelacionada con outros tres núcleos que son: o proceso, a persoa e o tempo. (1)

O primeiro compoñente deste modelo é o contexto, no cal nos imos centrar, que está formado por catro niveis ambientais. Estes niveis son o microsistema, o mesosistema, o exosistema e o macrosistema. O microsistema é o sistema ecolóxico máis próximo á persoa e está formado polas relacións da persoa no seu ambiente máis inmediato (familia, colexio, traballo, entre outros), ocorrendo estas relacións cos aspectos físicos, sociais e simbólicos do ambiente e, estando influenciadas polas características da propia persoa. En canto ao mesosistema, este fai referencia á relación entre un ou máis microsistemas no cal a persoa participa de maneira activa, sendo estes interdependentes e influenciándose entre si. En relación ao exosistema, está formado por aquelas estruturas sociais formais e informais que influencian e delimitan o que acontece no ambiente máis próximo da persoa aínda que esta non participe de maneira activa non mesmos, como pode ser, a lexislación laboral. Por último, o macrosistema está composto por ideoloxías, crenzas,

valores, relixións, formas de goberno e culturas e, é o sistema máis distante da persoa e abrangue a comunidade na cal os outros tres sistemas están incluídos e que pode afectalos. (1)

Segundo Brofenbrenner, o desenvolvemento psicolóxico saudable dunha persoa depende principalmente da existencia de interaccións positivas, sexan estas en calquera dos microsistemas aos que pertence a persoa. Cando existen estas relacións positivas, xa sexa entre os contextos ou dentro deles, existirá a posibilidade de mellorar a calidade de vida, a saúde e a adaptación das persoas e da sociedade.(1)

Nesta mesma liña, na da afectación dos contextos á saúde, a Comisión sobre Determinantes Sociais da Saúde (CDSS)¹ da Organización Mundial da Saúde (OMS) define aos determinantes sociais da saúde como “as circunstancias nas que as persoas nacen, crecen, viven, traballan e envellecen, incluído o sistema de saúde” (2). Do mesmo xeito, Dahlgren e Whitehead describen no seu modelo os determinantes da saúde e a relación entre as diferentes capas (3), como se pode observar na Figura 1.




Figura 1. Determinantes da saúde segundo Dahlgren and Whitehead.

¹ Glosario de Acrónimos (Apéndice I)

Deste xeito, os diferentes contextos das persoas como as condicións de vida e de traballo, os estilos de vida, os factores psicosociais e o estado socioeconómico, poden influír no estado de saúde dos cidadáns, podendo xerar iniquidades sanitarias dependentes do contexto (3). Para combater esas iniquidades, a OMS recomenda, entre outras medidas a adoptar, que se debe “reforzar e fortalecer o persoal sanitario e desenvolver a súa capacidade para actuar sobre os determinantes sociais da saúde” (4). Neste mesmo eixe, a Comisión Europea (CE) no seu Informe sobre Protección Social e Inclusión Social do 2010, recomenda que as estratexias a tomar deben centrarse en aumentar a atención primaria, a prevención, a promoción da saúde e en mellorar a coordinación e o uso racional dos recursos (5).

Neste sentido, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de 2015 da OMS, como a educación de calidade, a igualdade de xénero, o traballo decente e crecemento económico (6), entre outros, pretenden mellorar os diferentes contextos nos cales se atopan as persoas, podendo influír así na súa saúde e calidade de vida.

Cunha finalidade similar que os ODS, a CE na súa Estratexia Europa 2020 propón, entre os seus obxectivos principais a acadar no ano 2020, que na Unión Europea (UE) “o 75% da poboación de entre 20 e 64 anos debería estar empregada” e que “a porcentaxe de abandono escolar debería ser inferior ao 10% e ao menos o 40% da xeración máis nova debería ter estudos superiores”. Para conseguir os obxectivos que propón, a Comisión recomenda que as autoridades, tanto nacionais, rexionais, como locais, deben establecer colaboración entre os parlamentos, os interlocutores sociais e os representantes das organizacións sociais, para establecer un diálogo permanente e así acercar as prioridades da UE aos cidadáns.(7)

A CDSS da OMS no seu documento “Subsanar as desigualdades sanitarias nunha xeración”, dá tres recomendacións xerais para eliminar estas desigualdades, que son: “mellorar as condicións de vida”; “loitar contra a distribución desigual do poder, dos cartos e dos recursos” e; “medir a magnitude do problema, analízalo e avaliar os efectos das intervencións”(4). Isto pon unha vez máis de manifesto a necesidade de actuar sobre os contextos en e para a comunidade.

A OMS defende, unha vez máis, esta forma de actuación nas súas Guías para a Rehabilitación Baseada na Comunidade (RBC). Defende que un enfoque baseado na comunidade facilita iniciativas máis inclusivas, realistas e sostibles, así como, que un dos elementos esenciais do desenvolvemento é a participación da comunidade. Asemade, pula polo entendemento do contexto no cal viven as persoas e, por iso, sitúa como primeiro paso a dar cando se desexa facer unha actuación baseada na comunidade, realizar unha análise da situación da mesma para coñecer así o que se necesita e o que se debe facer.(8,9)

1.2. Terapia Ocupacional

Segundo esta visión social, a terapia ocupacional posúe unha perspectiva ocupacional da sociedade, onde se ve a necesidade de actuar e influenciar nas estruturas sociais e institucionais e, nas políticas que non potencian unha participación ocupacional completa (10). Pola contra, a práctica centrada no cliente focaliza a relación entre o terapeuta e a persoa co obxectivo de que as persoas participen nas súas ocupacións (11).

Na participación cidadá, segundo esta visión social, o punto central da relación establécese en colaboración cos diferentes actores sociais para, deste xeito, abordar as cuestións sociais, de saúde, e de desenvolvemento, de maneira complexa e multidimensional, construíndo de maneira conxunta a súa comunidade(11).En canto á saúde, esta é entendida coma unha cuestión colectiva, mentres que na práctica centrada no cliente considérase

unha cuestión individual. Esta visión e “(...)espazo transformador influirá a maneira de educar, a investigación e a práctica”.(11)

Esta transformación social e persoal reside no uso consciente da ocupación para o crecemento persoal, a interacción interpersoal e o alcance da equidade e a xustiza(12). Coa terapia ocupacional existe a oportunidade de crear sociedades que sexan máis inclusivas ocupacional e socialmente(13).

Dende unha perspectiva ocupacional, a xustiza social consiste en que todas as persoas poidan participar nas ocupacións e que estas proporcionen significado e enriquecemento. Existen varios tipos de inxustizas ocupacionais, entre elas, a alineación ocupacional, que consiste en “experiencias prolongadas de desconexión, illamento, baleiro, falla de sentido de identidade, unha expresión limitada ou confinada do espírito ou unha sensación de sen sentido” (tradución propia). Outro tipo de inxustiza é a deprivación ocupacional, considerada como o “(...)illamento xeográfico, as condicións de emprego insatisfactorias, encarceramento, os roles de xénero estereotipados, os casos de refuxiados e a discapacidade” (tradución propia). Tamén temos a marxinación ocupacional que “(...)fala da necesidade dos humanos para exercer microdecisións todos os días e ter o poder de decidir como participamos nas ocupacións”. E, por último, temos o desequilibrio ocupacional, que fai referencia ás “(...)poboacións que non participan no emprego e nos beneficios da produción económica”.(14)

Polo tanto, para evitar estas inxustizas ocupacionais, debemos pór en práctica que a “ocupación é unha forma de exercer a cidadanía, a través de participación e compromiso cos demais”. Os terapeutas ocupacionais participan na cidadanía especialmente como parte dela, como persoas individuais dentro dunha comunidade, mais tamén poden desenvolver actuacións de xeito profesional para, desta maneira, acadar os obxectivos

de respecto dos dereitos e das capacidades para exercer a cidadanía, tanto dos individuos como das comunidades.(15)

En relación a todo o anterior, a Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) publicou unha serie de posicionamentos entre os cales defende os Dereitos Humanos, a RBC, a educación inclusiva e a diversidade e a cultura. A WFOT pula polo cumprimento dos Dereitos Humanos a través da participación na ocupación significativa e beneficiosa para a persoa e a comunidade. Por outra banda, reflexa que a educación inclusiva é un dereito innegociable e que a Terapia Ocupacional favorece que os programas educativos sexan accesibles ao estudiantado con discapacidade. En canto aos programas RBC, a WFOT postula que os terapeutas ocupacionais deben mellorar as vidas das persoas con discapacidade mediante este tipo de programas. E, por último, en canto á diversidade e á cultura, “a terapia ocupacional recoñece que cada persoa é única na súa forma de combinar a interacción dinámica que se produce entre os elementos culturais, sociais, psicolóxicos, biolóxicos, financeiros, políticos e espirituais no seu desempeño ocupacional persoal e a súa participación na sociedade”.(16–18)

Neste último eixo relacionado coa diversidade e a cultura, a WFOT defende a necesidade da existencia de conciencia e sensibilidade cara a cultura dun mesmo; a disposición para explorar as preferencias e os valores de cada un; o respecto e a sensibilidade cara a diversidade; que as persoas se involucren en ocupacións acordes coa súa cultura e non coa do terapeuta, respectando así a seguridade cultural e; comprender a necesidade dunha formación continua e o desenvolvemento constante da diversidade.(19)

A continuación, detállanse as competencias europeas específicas da profesión (20) vinculadas á temática do presente traballo:

- Á participación na ocupación por parte das poboacións a través da promoción da saúde, a prevención, a rehabilitación e o tratamento.
- Á aplicación dos coñecementos teóricos axeitados para atopar as necesidades ocupacionais e de saúde.
- Á realización do proceso de terapia ocupacional en colaboración coa poboación.
- Á adaptación dos contextos para promover a xustiza ocupacional.
- Á colaboración coas comunidades para fomentar a saúde e o benestar a través da ocupación.
- Ao establecemento de alianzas de colaboración entre os diferentes actores sociais.
- Á colaboración coas poboacións para defender o seu dereito a ter as súas necesidades ocupacionais cubertas.
- Á apreciación e respecto cara as características individuais, as crenzas culturais e os seus hábitos e, a súa influencia na participación e ocupación das persoas.(20)

Segundo a OMS, a saúde é “o resultado dos ambientes socioeconómicos e físicos, e das características e comportamentos individuais das persoas” (tradución propia). A partir desta definición, pódense determinar diferentes factores relacionados coa ocupación que teñen implicación sobre a saúde: “os ingresos e a posición social; a educación; o entorno físico que inclúe o emprego e as condicións laborais, as redes de apoio social, a cultura, costumes, tradicións e crenzas, o comportamento persoas, a actividade, a comida e as habilidades de afrontamento” (tradución propia). Neste sentido, unha participación activa e de calidade nas ocupacións promociona a saúde. Tendo esta perspectiva ocupacional da saúde, a Terapia Ocupacional pode influír moi positivamente na Saúde Pública. (21)

Para coñecer o estado do arte sobre a actuación na Saúde Pública dende a Terapia Ocupacional cunha mirada comunitaria e social en España, realizouse unha busca de evidencia científica (Apéndice II) sobre a mesma sen resultados satisfactorios. A atopada é escasa e está centrada na enfermidade e carece dunha mirada social. Debido a esta falla de estudos poboacionais, escóllese o Concello de Fene, na provincia da Coruña como exemplo de poboación sobre a que realizar o estudo.

Cunha aproximación á Saúde Pública e ao papel da Terapia Ocupacional a nivel poboacional, co fin de operativizar este razoamento, empregárase en todo o traballo a estrutura do Modelo Persoa-Entorno-Ocupación (PEO) (22), entendendo o termo “persoa” como unha comunidade.

1.3. Concello de Fene

Dende a mirada social que posúe este traballo, resalta a necesidade de coñecer aquela comunidade cara a cal se vai dirixir a investigación ou a intervención. Por isto, é imprescindible coñecer a realidade do Concello de Fene, dende unha perspectiva histórica.

Na primeira metade do século XX, Fene posuía unha forma de vida tradicional, onde a súa principal fonte de ingresos eran o sector agropecuario, en forma de autoconsumo coa venda dos excedentes producidos ao mercado da comarca. (23,24)

En 1941 fúndase no municipio o estaleiro Astano (Astilleros y Talleres del Noroeste, S.A.) dedicado á construción naval civil, na parroquia de Perlío. Este constrúese sobre o antigo estaleiro de Ramón Aguilar, o cal levaba a funcionar dende os anos vinte. Esta industrialización do concello supuxo cambios no estilo de vida das persoas, acentuando as diferenzas xeracionais e modificando ou eliminando identidades, xa que a nova forma de vida confrontábase coa cultura tradicional. Mais este choque cultural foi menos acentuado que noutras partes de Galicia debido á influencia da vila

de Ferrol pola súa proximidade. Esta contaba cunha cultura industrial moi anterior a 1941, dende o terceiro terzo do século XVIII, onde Ferrol xa era unha vila militar, industrial e con pequena burguesía. (24–26)

En 1947 comézase a notar a demanda de man de obra, que segue incrementándose ata os anos 70, onde o estaleiro é punteiro a nivel mundial, chegando a empregar a 3.140 persoas en 1968 e, a preto de 25.000, contando coas empresas auxiliares, xunto co outro estaleiro da Ría, Bazán. Este gran volume de persoas traballadoras e o seu beneficio económico convirte, ambos estaleiros, no motor económico da comarca. Nestes anos xérase gran riqueza no Concello de Fene, o que o convirte nunha alternativa á emigración a Europa. (24–26)

Tras este período de incremento do traballo, en 1972, tras a diminución da demanda de buques, éntrase nunha crise con conflictividade social e laboral. Nese mesmo ano prodúcese o asasinato por parte da policía de dous obreiros do naval durante unha protesta, así como, diversos ciclos de folga nos seguintes anos. Son estes sucesos, entre outros, os que poñen de manifesto, na sociedade do momento, a necesidade e importancia da organización da clase traballadora para loitar e conseguir así os seus obxectivos. (24–26)

Como consecuencia da crise xerada nos anos 70 e da incorporación de España á UE, en 1984 comeza a reconversión do naval levada a cabo dende o Goberno do Estado, reducindo o número do persoal de Astano en 3.414 persoas, onde se produciron xubilacións, prexubilacións a partir dos 52 anos e despidos. Esta reconversión, feita en varias quendas, fixo que o estaleiro pasara desde as 6.500 persoas empregadas ata as 1.000 aproximadamente na década dos noventa. Tamén debido a esta reconversión, a empresa realiza esforzos para definir os seus campos de actividade, do que xurde Imenosa nos anos 90. (24,26)

No ano 2000, Bazán e Astano pasan a conformar unha única empresa, Izar, contando con 3.500 persoas traballadoras, aproximadamente. Posteriormente, no ano 2004, esta pasa a ser Navantia, fusionándose a construción naval civil coa militar. Derivada da crise comezada nos anos setenta, no ano 2008, Navantia Fene só contaba con aproximadamente 300 persoas empregadas no seu cadro de persoal, estando relegado a ser un centro operativo de Navantia Ferrol. Todas as circunstancias ocasionadas por este declive industrial xeran que a construción naval civil deixase de ser o motor económico da comarca, quedando relegada á construción militar. Todo isto situou ao Concello de Fene nunha situación económica complexa que segue a arrastrar ata a actualidade dende a década dos 70. (24–26)

Tras coñecer a historia do Concello de Fene, sería necesario explorar as necesidades ocupacionais actuais da súa poboación para, desta maneira, poder determinar as principais liñas de actuación que se deben tomar a nivel municipal, co fin de promover a saúde dende unha perspectiva ocupacional.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivo xeral

Describir as necesidades ocupacionais da poboación do Concello de Fene e detectar as prioridades de actuación máis urxentes, de aquí a 10 anos.

2.2. Obxectivos específicos

- Coñecer as características da poboación do Concello de Fene.
- Explorar o entorno do Concello de Fene.
- Analizar os recursos do Concello de Fene.
- Estudar as ocupacións da poboación do Concello de Fene.

3. Metodoloxía

3.1. Tipo de estudo

Este estudo é descritivo lonxitudinal.

3.2. Ámbito de estudo

O ámbito deste estudo é o Concello de Fene, situado no Noroeste de Galicia, pertencente á comarca coruñesa de Ferrolterra. Linda con cinco concellos, como se pode observar na Figura 2, así como coa Ría de Ferrol. (23)



Figura 2. Localización do Concello de Fene en España, Galicia e a Comarca de Ferrolterra. Fonte: páxina web do Concello (23).

O Concello está composto por oito parroquias, como se pode apreciar na Figura 3, das cales urbanas e periurbanas son Perlío, Fene, San Valentín, Barallobre e Maniños e, rurais as restantes. (23)



Figura 3. Parroquias que conforman o Concello de Fene. Fonte: páxina web do Concello (23).

Como se pode observar nas figuras anteriores, o municipio ten unha ampla extensión de costa, o que influenciou enormemente a súa economía. Tradicionalmente, esta era agraria e pesqueira orientada ao autoconsumo e á venda de excedentes ao mercado da contorna. Coa construción do estaleiro, a industria pasa a ser o principal motor económico do concello, ocupando, ata a actualidade, a unha terceira parte da poboación traballadora. Como consecuencia, o sector servizos incrementase enormemente, ocupando a máis da metade das persoas traballadoras, reducíndose o sector agropecuario ao 3%, aproximadamente. (23)

3.3. Entrada ao campo

A entrada ao campo deste estudo realizouse mediante dúas vías, a través dunha solicitude de datos ao Concello de Fene e, por outra banda, mediante unha busca en base de datos, ambas detalladas a continuación.

3.3.1. Solicitude de datos ao Concello de Fene

En primeiro lugar, tívose unha reunión coa Concelleira de Organización e Seguridade do Concello para explicarlle a temática do presente estudo, así como os datos que se pretendían solicitar. Posteriormente, no mes de xaneiro de 2016, enviábase por vía telemática, un documento solicitando os datos, no cal tamén se inclúe a información expresada de maneira presencial e, unha autorización de cesión dos datos e de utilización do nome do Concello de Fene (Apéndice III) no presente estudo.

Tras isto, tense unha reunión co Alcalde onde se volve expoñer o obxectivo da utilización dos datos e asínase a autorización de cesión e utilización dos mesmos, así como a conformidade de que se recibe o documento de solicitude.

Finalmente, vólvese ter unha reunión coa Concelleira onde se fai entrega dos datos solicitados.

3.3.2. Busca en base de datos

A partir do mes de novembro de 2016, comézase unha busca nas bases de datos poboacionais públicas do Instituto Nacional de Estadística (INE) (27) e do Instituto Galego de Estatística (IGE) (28). Esta busca finaliza no mes de marzo de 2016.

3.4. Criterios de inclusión e de exclusión

Na Táboa I defínense os criterios de inclusión e exclusión para levar a cabo esta investigación.

Táboa I. Criterios e inclusión e exclusión.

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Datos pertencentes ao Concello de Fene	Non provir de fontes fidedignas

3.5. Técnica de recollida de datos

Para a recollida de datos, elaborouse un guión para organizalos en tres grandes categorías: poboación, entorno e recursos e, ocupación. Realizouse deste xeito, posto que, dende a Terapia Ocupacional, estes son os 3 eixos centrais que conforman a vida da persoa (29).

Unha vez proporcionados os datos por parte do Concello, estes reorganizáronse en función das categorías expostas anteriormente para a súa análise.

3.6. Variables de estudo

As variables de estudo da presente investigación estrutúranse segundo o PEO (22), contando coa interrelación e influencia poboación-ocupación-entorno, estando estas expostas a continuación.

3.6.1. Poboación

Fai referencia ao conxunto da poboación do Concello de Fene e pretende dar coñecemento sobre as características da mesma.

Dentro da categoría de poboación atópanse as seguintes variables:

- Evolución da poboación.
- Evolución da natalidade e da mortalidade.
- Idade da poboación.
- Migración.
- Taxa de risco de pobreza.
- Discapacidade.
- Composición dos fogares.

3.6.2. Entorno e recursos

Enténdese entorno como o lugar onde a poboación leva a cabo as súas ocupacións e comprende aspectos, físicos e sociais/culturais. Por outra banda, os recursos son os medios que posúe a comunidade para satisfacer as súas necesidades.

Esta categoría confórmase polas seguintes variables:

- Medio ambiente e puntos de interese.
- Seguridade e servizos.
- Distribución da poboación segundo as súas contornas.
- Distribución dos recursos económicos do Concello.
- Contexto cultural.
- Recursos de ocio e deportivos.
- Recursos de saúde, benestar social e igualdade.
- Accesibilidade do Concello.
- Recursos tecnolóxicos.
- Recursos laborais e industriais.
- Movemento asociativo.
- Recursos educativos.
- Recursos humanos do Concello.
- Vivenda.

3.6.3. Ocupación

Entendendo as ocupacións como as actividades que realizan as persoas, preténdense estudar a educación e o traballo, posto que son as principais ocupacións nas etapas da infancia, adolescencia, xuventude e da adulta.

A presente categoría fórmana as seguintes variables:

- Educación.
- Traballo.

3.7. Análise dos datos

Os datos foron analizados mediante un enfoque cuantitativo, o cal emprega a recolección de datos para probar hipóteses mediante a medición numérica e o análise estatístico, para así, verificar ou refutar a hipótese elaborada. (30)

A instrumento empregado para a recolección dos datos e, así facilitar o seu posterior análise, foi o programa Excel, do paquete de Microsoft Office 2013.

3.8. Aspectos éticos

Para a realización do presente estudo, séguense as normas de boa práctica para o contexto galego, lugar onde é levado a cabo (31).

4. Resultados

A continuación preséntanse os resultados obtidos no presente estudo de investigación. Tal e como se recolle en todos os apartados deste traballo, os resultados atópanse agrupados nas categorías do PEO de poboación, entorno e recursos e, por último, ocupación. Ao final de cada unha das categorías, achégase un resumo cos resultados máis relevantes.

4.1. Poboación

No presente apartado móstranse os resultados obtidos en canto á categoría de poboación. Estes resultados atópanse subdivididos da seguinte maneira: evolución da poboación, natalidade e mortalidade, idade, migración, taxa de risco de pobreza, persoas con discapacidade e composición dos fogares.

Evolución da poboación

En relación á poboación do Concello de Fene, como se pode observar na Figura 4, esta creceu dende o ano 1900 ao 2011 un 61,24%. Mais pódese apreciar que o crecemento da mesma é irregular, aumentando progresivamente ata o ano 1981, onde acada o seu maior número de poboación. Cabe destacar que o maior crecemento da mesma ocorre do ano 1970 ao 1981, onde aumenta un 26,2%. Dende ese momento, a poboación segue unha diminución paulatina, decrecendo do ano 1981 ao 2011 nun 7,57%.




Figura 4. Evolución da poboación do Concello de Fene desde 1900 ata 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

En referencia á evolución da poboación do Concello de Fene de 2011 a 2015, como se ilustra na Figura 5, obsérvase que esta segue a tendencia decrecente de anos anteriores, diminuíndo nun 3,72% neste período. Do mesmo xeito, pódese apreciar que no ano 2015 as mulleres representan o 52,13% da poboación total, existindo un 8,16% máis de mulleres que de homes neste municipio.




Figura 5. Evolución da poboación do Concello de Fene desde 2011 ata 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

Natalidade e mortalidade

En canto aos fenómenos demográficos de natalidade e mortalidade do Concello de Fene, na Figura 6 pódese observar como as defuncións superan en número aos nacementos dende 1996 a 2014, sendo un 50% maior a cantidade de defuncións que de nacementos neste último ano.




Figura 6. Evolución da natalidade e da mortalidade do Concello de Fene desde 1996 ata 2014. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

No tocante aos nacementos, pódese observar que de 1996 a 2014, estes diminuíron nun 22,11%, seguindo unha progresión irregular. De 1996 a 2004, os nacementos diminuíron nun 26,32%. Dende ese ano ata o 2011 (ano con maior número de nacementos) aumentaron nun 32,09%, caendo un 35,92% no período de 2011 a 2013, sendo este o ano con menor número de nacementos rexistrados. Por último, obsérvase que de 2013 a 2014 existiu un aumento dos mesmos dun 10,81%.

No que concirne á mortalidade, cabe destacar que esta aumentou un 8,78% de 1996 a 2014. Esta evolución, ao igual que sucede nos nacementos, é irregular en función do período. De 1996 a 2001, (ano con menor número de defuncións) estas diminuíron un 5,19%, aumentando dende o 2001 ata o 2007 (ano con maior número de defuncións) nun 24,71%. Finalmente, apréciase que dende o ano 2007 ao 2014, estas decreceron un 12,94%.

Idade

No que se refire á idade media da poboación do Concello de Fene, como ilustra a Figura 7, esta aumentou paulatinamente dende o ano 1998 ao 2014 en 7,6 anos, o que representa un incremento dun 15,87%.




Figura 7. Evolución da idade media da poboación do Concello de Fene de 1998 a 2014. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

Mais analizando estes datos dende unha perspectiva de xénero, neste mesmo período, resalta que a idade media das mulleres aumentou en 7,1 anos, é dicir, un 14,4%. Dunha maneira moi similar creceu a idade media dos homes, que aumentou en 6,8 anos ou, o que é o mesmo, un 14,66%.

No ano 1998, as mulleres tiñan unha idade media dun 6,16% máis que os homes, o que representa 2,6 anos máis da mesma. Mentres, no ano 2014, a das mulleres era un 5,88% maior, significando 2,9 anos máis de idade media.

Seguindo co tema da idade, na Figura 8 obsérvase a distribución da poboación do Concello de Fene en función da mesma no ano 2015.




Figura 8. Poboación do Concello de Fene por grupos quinquenais de idade no 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

Pódese observar que máis da metade da poboación, un 52,70%, está conformada por persoas de entre 35 e 69 anos, sendo o grupo maioritario na poboación total aquel composto polas persoas de entre 35 a 39 anos. En canto ás persoas menores de 25 anos, estas representan o 17,53% da poboación mentres que as maiores de 65 anos conforman o 26,69%.

En relación ao xénero, cabe destacar que dende os 0 aos 44 anos hai un maior número de homes que de mulleres. A partir dos 45 anos, a medida que aumenta a idade, aumenta a diferenza de proporción de homes/mulleres de maneira directamente proporcional.

Migración

No referente á inmigración de persoas cunha nacionalidade diferente á española, na Figura 9 ilústrase que, a pesar de existir un decrecemento na poboación total residente no Concello de Fene de 1991 a 2011, neste mesmo período, a poboación estranxeira pasou de representar un 0,28% ao 1,60% da poboación total, implicando un aumento do 81,17%.




Figura 9. Número de persoas residentes no Concello de Fene segundo a nacionalidade de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

No tocante ás persoas residentes no Concello de Fene con nacionalidade estranxeira nos últimos anos, de 2011 a 2015, cabe destacar que esta sufriu unha diminución do 21,52% de maneira progresiva, pasando de representar o 1,60% da poboación total ao 1,31%, como ilustra a Figura 10.




Figura 10. Número de persoas residentes no Concello de Fene segundo a nacionalidade de 2011 a 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

En relación ao número de persoas inmigrantes no Concello de Fene no ano 2015, era de 360 persoas, un 2,69% do total da poboación (32). E, no caso das persoas emigrantes, tamén en 2015, este número ascende a 397 (32). Polo tanto, o Concello de Fene está a perder poboación xa que emigra máis xente da que inmigra.

No que concirne á poboación natural do Concello de Fene residente no estranxeiro, na Figura 11 pódese apreciar que esta segue unha tendencia ascendente dente o ano 2009 ao 2015, incrementándose nun 19,52%.




Figura 11. Número de persoas do Concello de Fene residente no estranxeiro de 2009 a 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

En canto ao xénero, obsérvase que no período de 2009 a 2015, o número de mulleres do Concello de Fene residentes no estranxeiro sufriu un incremento progresivo do 23,83%, mentres que nos homes este aumento foi do 15,08%. No ano 2009, o 51,91% das persoas residentes no estranxeiro eran homes, pasando estes a representar no 2015 o 49,19%.

Risco de pobreza

Na Figura 12 pódese observar a taxa de risco de pobreza das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal dende o 2007 ao 2014, a cal, neste período diminuíu nun 17,78%. Esta redución non foi progresiva, senón que se aprecian picos na mesma, sendo o ano 2009 no cal a taxa de risco de pobreza foi a máis baixa e no ano 2013, a máis alta.




Figura 12. Taxa de risco de pobreza nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal de 2007 a 2014. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

No período 2007-2009, a taxa de risco de pobreza diminuíu nun 15,03% neste territorio. No seguinte período, o de 2009-2011, esta incrementouse nun 34,67% para diminuír, posteriormente, un 29,09% entre os anos 2011 e 2012. Após estes anos, a taxa de risco de pobreza volveu aumentar, esta vez, nun 32,76% entre os anos 2012 e 2013. Por último, de 2013 a 2014, esta sufriu un descenso do 35,68%.

Persoas con discapacidade

En referencia ao número de persoas con discapacidade no Concello, existen un total de 1250 persoas, representando o 9,34% da poboación total. (32)

Composición dos fogares

En relación ao número de xeracións que compoñen os fogares do Concello de Fene dende 1991 ao 2011, como pon de manifesto a Figura 13, esta composición modificouse neste período, aumentando tamén o número total de fogares nun 17,74%. Os fogares compostos por dúas xeracións eran os maioritarios en 1991, representando o 60,41% dos mesmos. Pola contra, no 2011, eran os fogares compostos por unha xeración os máis representativos, conformando o 49,27% do total dos mesmos.




Figura 13. Número de xeracións nos fogares do Concello de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

Neste período, 1991-2011, os fogares compostos por unha xeración aumentaron nun 52,29%. En canto aos formados por dúas xeracións, diminuíron nun 17,77% nos mesmos anos. E, por último, aqueles conformados por tres ou máis xeracións minguaron nun 12,96%, pasando de representar o 11,08% dos fogares totais no 1991 ao 7,89% no 2011.

No mesmo eixo, no da composición dos fogares do Concello de Fene, na Figura 14 preséntase a composición dos mesmos en función do número de persoas que os forman. En 1991, os fogares maioritarios eran aqueles compostos por 3 ou 4 persoas, representando o 49,97% do total. No 2001, a composición dos fogares cambia pasando a ser os máis frecuentes aqueles formados por 2 ou 3 persoas, sendo o 52,98% do total. E, por último, en 2011 esta tendencia de cambio continúa sendo os maioritarios, ao igual que en 2001, os conformados por 2 ou 3 persoas, mais incrementándose en porcentaxe, pasando a representar o 59,91% dos mesmos.




Figura 14. Número de persoas que compoñen os fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

En canto á variación porcentual no período 1991-2011, obsérvase que os fogares conformados por unha soa persoa aumentaron nun 59,15%, as de 2 persoas nun 50,87%, as de 3 nun 13,87% e, pola contra, aquelas formadas por 4 persoas diminuíron nun 17,92%.

Tamén en relación á composición dos fogares do concello, na Figura 15 pódese observar o número de persoas ocupadas que os conforman. En 1991, na maioría de fogares había só unha persoa ocupada, representando o 46,33% do total, seguido por aqueles fogares onde ningunha persoa está ocupada, sendo o 37,43%. No 2001, os máis abundantes seguen a ser o mesmo tipo de fogar, pero a súa representación diminúe e pasa a ser do 37,45%, incrementándose, nese mesmo ano e en relación ao 2011, a porcentaxe de fogares onde ningunha persoa está ocupada, pasando a ser do 34,71% e, tamén aumentan aqueles nos que dúas persoas están ocupadas, pasando do 13,81% ao 21,19%. En cambio, no 2011, os fogares máis representativos son aqueles nos que ningunha persoa estaba ocupada, sendo o 44,13% do total, crecendo todos os demais en relación ao 2001, exceptuando aqueles fogares onde existen 3 ou máis persoas ocupadas, que diminúe do 6,65% ao 2,20%.




Figura 15. Número de persoas ocupadas nos fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

Con respecto á variación global que se produce no período 1991-2011, o número de fogares nos cales ningunha persoa está ocupada incrementábase nun 30,23%, aqueles nos que hai unha persoa ocupada diminúe un 12,13%, nos que existen 3 persoas ocupadas aumenta un 43,73% e, nos que hai 3 ou máis persoas ocupadas, incrementábase un 9,17%.

Seguindo coa composición dos fogares, pero desta volta centrándonos nas persoas desempregadas que os conforman, obsérvase que de 1991 a 2011, a composición dos fogares variou enormemente, como se pode apreciar a continuación na Figura 16. En 1991, na maioría dos fogares non existía ningunha persoa desempregada, representando o 73,5% do total, seguido por aqueles nos cales había unha persoa sen emprego, sendo estes o 21,57%. En 2001, a tendencia na composición, en termos xerais, segue sendo a mesma, aumentando os fogares onde ningunha persoa está desempregada, pasando a ser o 82,63% e, diminuíndo aqueles nos que unha persoa está sen emprego, pasando a significar o 15,1% do total. De 2001 a 2011 é onde se pode apreciar un maior cambio na composición dos fogares. Os maioritarios seguen a ser aqueles con ningunha persoa desempregada, mais pasan a representar o 45,32%, seguido dos que unha persoa está desempregada e polos nos que hai dúas, incrementándose ambos, pasando a representar o 33,94% e o 16,24%, respectivamente.




Figura 16. Número de persoas desempregadas nos fogares do Concello de Fene de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

*Os datos referentes a 2011 son persoas desempregadas ou inactivas.

No tocante ao período 1991-2011, os fogares con ningunha persoa en paro diminuíu nun 25,04%, aumentando todos os demais. Aqueles cunha persoa desempregada, nun 47,73%, os de dúas persoas en paro, nun 80,11% e, aqueles nos que existían 3 ou máis persoas desempregadas, nun 81,85%.

4.1.1. Resumo dos resultados sobre a poboación

A continuación, na Táboa II, preséntase un resumo dos resultados máis relevantes do apartado de poboación.

Táboa II. Resumo dos resultados do apartado de poboación. Fonte: Elaboración propia.

Variables	Resultados
Evolución da poboación	A poboación decrece.
Evolución da natalidade e da mortalidade	A mortalidade é superior á natalidade.
Idade da poboación	A idade media da poboación aumenta, sendo de 47,9 anos. O 52,70% da poboación está conformada por persoas de entre 35 e 69 anos. As persoas maiores de 65 anos representan ao 26,69% da poboación.
Migración	A inmigración da poboación estranxeira diminúe. O número de persoas emigradas no estranxeiro aumenta. Invértese a tendencia de xénero, emigrando máis mulleres que homes.
Taxa de risco de pobreza	A taxa de risco de pobreza diminúe.
Discapacidade	Un 9,34% da poboación ten algún tipo de discapacidade.
Composición dos fogares	O número de fogares crece. Os fogares maioritarios son os conformados por unha xeración e por 2 persoas. En relación ao número de persoas ocupadas que os forman, os maioritarios son nos que non hai ningunha persoa ocupada. No referente ao desemprego, os maioritarios son nos que ningunha persoa está no paro.

4.2. Entorno e recursos

No presente apartado móstranse os resultados obtidos en canto á categoría de entorno e recursos. En canto ao entorno, estes atópanse subdivididos en: entorno xeográfico, entorno arquitectónico e cultural, distribución da poboación no territorio e tipo de vivendas. En relación aos recursos, realízanse unha subdivisión correspondente aos programas municipais, abarcando recursos e programas: inversión municipal por áreas, cultura, ocio, mocidade, accesibilidade, tecido empresarial e mercado laboral, transporte público, servizos, seguridade cidadá, persoal público, participación cidadá, centros educativos e, saúde, benestar social e igualdade.

4.2.1. Entorno

Entorno xeográfico

En canto ao entorno xeográfico do Concello de Fene, podemos dicir que este é un Concello marítimo que conta con 7 praias. Tamén no eixo da natureza ten dúas árbores centenarias, espazos naturais e 5 vistas panorámicas. (32)

Entorno arquitectónico e cultural

O Concello conta con 11 edificios de interese arquitectónico, 7 monumentos e 22 mostras de patrimonio artístico e cultural. (32)

Distribución da poboación no territorio

No que concirne a distribución da poboación do Concello de Fene no seu territorio, pódese observar que a maioría, o 85,92%, reside nas zonas urbanas ou periurbanas, como se pode apreciar na Figura 17.




Figura 17. Distribución da poboación do Concello de Fene segundo a zona urbana ou rural onde viven no 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

Con respecto ao xénero, pódese observar que non existen grandes diferenzas na distribución da poboación, conservando a proporción homes/mulleres.

Tipo de vivendas

Na figura 18 pódese observar o número e tipo de vivendas do Concello de Fene. Nela apréciase como a tendencia en 2011 no tipo segue sendo similar ao de 1991. En 1991 as vivendas maioritarias eran as vivendas principais, representando o 74,90% do total, seguidas das vivendas baleiras cun 16,73%. En 2001, a maioría das vivendas seguen a ser as mesmas, pasando a representar o 75,8% e, as baleiras aumentan ata acadar o 20,5% do total. En 2011 séguese a mesma tendencia, mais as vivendas principais descenden con relación ao 2001 e representan o 73,84% e, as baleiras diminúen ata acadar o 19,58% do total.




Figura 18. Número e tipo de vivendas no Concello de Fene de 1991 a 2011. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do INE (27).

En relación co período 1991-2011, o número de vivendas aumentou nun 19,08%, En canto ao tipo de vivenda, o número de vivendas principais aumentou nun 17,93%, o das secundarias nun 6,60% e, por último, as baleiras nun 30,87%.

No ano 2015, o número de vivendas sen auga da traída municipal era de 2032, o que representaría, aproximadamente, un 25% do total. (32)

4.2.2. Recursos

Inversión municipal por áreas

A continuación, na Figura 19, preséntase o gasto municipal do Concello de Fene en función das áreas. Nesta pódese observar que a onde maior número de cartos se destina é aos servizos, representando o 43,69% do gasto total. Ségueno, pero moi afastados, a protección social cun 15,34%, a dinamización económica cun 13,19% e, por último, o desenvolvemento territorial cun 8,15%.




Figura 19. Gasto municipal en Euros do Concello de Fene por áreas no 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Cabe destacar que a sanidade e a educación representan unha porcentaxe moi pequena do gasto, mais hai que ter en conta que o Concello non ten as competencias sobre as mesmas, senón que estas pertencen á Xunta de Galicia.

Cultura

No eixo cultural, Fene conta con 2 museos, unha Casa da Cultura, unha biblioteca municipal, un local de ensaio e un parque de ocio cultural. (32)

Ocio

Para ocio e desfrute dos seus habitantes, Fene conta con 10 parques públicos, correspondendo a 1 por cada 1338,5 habitantes. Asemade, conta con dous paseos marítimos (32). No tocante aos recursos deportivos municipais do Concello, como se pode observar na Táboa III, existen un total de 16.

Táboa III. Tipo e número de recursos deportivos no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo	Número
Pavillón	2
Piscina cuberta	1
Campo de fútbol	5
Pistas polideportivas	7
Pista de atletismo	1

Accesibilidade

En referencia á accesibilidade de recursos tecnolóxicos que ofrece o concello á veciñanza, existen 14 ordenadores de uso público, dos cales 4 atópanse na Biblioteca Municipal. Cabe destacar que no municipio non existe ningún edificio público accesible a todas as persoas. En relación á accesibilidade do Concello como entidade, este posúe unha páxina web (www.fenecidadan.net) a cal rexistrou, no ano 2015, 662.576 visitas, o que da unha media de 49,50 visitas por habitante no ano. Dende a mesma pódense facer un total de 37 procedementos administrativos (32)

Tecido empresarial e mercado laboral

En relación ao tecido empresarial, Fene conta cun amplo territorio industrial, o Polígono Industrial de Vilar do Colo e os Estaleiros de Navantia. En canto ao mercado laboral, 453 persoas demandan asesoramento laboral e, as entrevistas realizadas, foron a 629 persoas. (32)

Transporte público

En canto ao transporte público, no concello existen 9 paradas de autobús, 2 de tren e 2 de taxis e, un destes últimos, é adaptado. As paradas de autobús sitúanse nas parroquias de Fene, Perlío, Barallobre, Maniños e Limodre, quedando sen comunicación por esta vía as parroquias de Magalofes, Sillobre e San Valentín. Mais, no tocante a esta última, debido á súa pequena extensión territorial, esta parroquia queda cuberta con este servizo polas paradas de Fene e Perlío pola súa proximidade. As paradas de tren atópanse nas parroquias de Fene e Barallobre e as de taxi, en Fene e Perlío.(32)

Servizos

En canto a servizos, existen a Lonxa, o Xulgado de Paz, un Cuartel da Garda Civil e outro da Policía Local, Protección Civil, así como unha Oficina de Turismo e unha de Correos. Ademais, Fene conta cun Cemiterio Municipal e un en cada parroquia relacionado coa Igrexa. Asemade, hai 16 restaurantes e 3 aloxamentos. (32)

Seguridade cidadá

En relación á seguridade cidadá, os efectivos cos que conta o Concello son os que se poden observar na Táboa IV, sumando un total de 24, sen coñecer o número de gardas civís. Polo tanto, corresponde 1 Policía Local por cada 1.029,62 habitantes e 1 efectivo de Protección Civil por cada 1.216,82.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Táboa IV. Tipo e número de efectivos relacionados coa seguridade no Concello de Fene no 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo	Número
Policías Locais	13
Efectivos de Protección Civil	11
Gardas Civís	-
Bombeiros	0

Como se pode observar na Táboa V, hai rexistrados, segundo a Policía Local, un delito ou falta por cada 892,33 habitantes, 1 accidente de tráfico por cada 120,59 habitantes e 1 denuncia de tráfico por cada 139,43 habitantes.

Táboa V. Tipo e número de incidencias en canto á seguridade rexistradas pola Policía Local no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo	Número
Delitos e faltas	15
Accidentes de tráfico	111
Denuncias de tráfico	96
Número de denuncias por violencia machista	0

Persoal público

No que concirne ao persoal do Concello, existen 101 persoas empregadas públicas. O tipo e número de persoas empregadas en cada unha delas pódese observar na Táboa VI. Cabe destacar que non hai ningún terapeuta ocupacional

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Táboa VI. Tipo e número de persoas empregadas públicas no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo	Número
Secretaría e Administración Xeral	11
Xestión económica	7
Urbanismo	7
Benestar Social e Igualdade	14
Obras e servizos básicos:	
– Vías, obras e mantemento das infraestruturas	12
– Cemiterios	2
– Xardinaría	3
– Limpeza viaria	7
– Recollida de lixo	6
– Limpeza de edificios	6
– Conserxaría	8
Cultura, educación, deportes e biblioteca e arquivo	10
Promoción económica e emprego	4
Emisora municipal	3

Participación cidadá

Neste eido, en Fene hai 57 asociacións, como se pode observar na Táboa VII, sendo as máis abundantes as deportivas e as veciñais non parroquiais, representando, cada unha, un 36,84% do total. (32)

Táboa VII. Tipo e número de asociacións no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo e asociacións que os conforman	Número
Sociedades Culturais Parroquiais	8
Asociacións de Nais e Pais (ANPAs).	7
Asociacións veciñais e non parroquiais	21
Sociedades deportivas	21

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

En relación coas asociacións, existen 8 Centros Culturais e Recreativos de Fene que se poden observar na Táboa VIII.

Táboa VIII. Centros Culturais e Recreativos no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Centro Cultural e Recreativo	Parroquia
Local Social de Limodre	Limodre
S.C.R. O Pote	Maniños
A.C.D.R. Liga de Amigos	Barallobre
C.C.R.D. Perlío	Perlío
C.P.S. San Valentín	San Valentín
C.M.I. Unidade de Fene	Fene
S.C.R.D. Agarimo	Sillobre
Local Social de Magalofes	Magalofes

Centros educativos

En canto aos centros educativos do Concello de Fene, como se pode observar na Figura 20, no curso 2014-2015 auméntase un colexio de Educación Infantil e desaparece un de Educación Infantil e Primaria, existindo un total de 8 centros.




Figura 20. Número de centros educativos de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten no Concello de Fene de 2005 a 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

*Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano.

Cabe mencionar que dende o curso 2006-2007 ao 2010-2011 aparece un centro de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO); mais isto foi debido pola reestruturación dos centros, onde o IES Fene pasou a ter dúas equipas directivas (unha da ESO e Bacharelato e outra da Formación profesional (FP)). Posteriormente, no curso 2011-2012, o centro volve a fusionar as equipas directivas.

Con respecto á titularidade dos centros educativos, como se pode observar na Figura 21, no curso 2014-2015 o 87,5% dos centros educativos do Concello de Fene son de titularidade pública.




Figura 21. Número de centros educativos de réxime xeral en funcionamento segundo titularidade no Concello de Fene de 2004 a 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

*Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano.

Cabe resaltar, que a razón pola cal dende o curso 2006-2007 ao 2010-2011 existe un centro educativo público máis é debido a mesma referida na Figura anterior.

Saúde, benestar social e igualdade

En relación á saúde, o benestar social e á igualdade, no Concello de Fene, como se pode observar na Táboa IX, existen diferentes recursos. Corresponde 1 clínica dental por cada 3.346,25 habitantes, 1 podolóxica por cada 6.692,5 e 1 de fisioterapia por cada 4.462,67.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Táboa IX. Tipo e número de recursos sociosanitarios no Concello de Fene no ano 2015.
Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Nome	Tipo	Número
Centro sanitario	Público	2
Clínica dental	Privada	4
Clínica podolóxica	Privada	2
Clínica Médica	Privada	1
Clínica de fisioterapia	Privada	3
Centro de Día e Residencia para Maiores	Privada	1
Farmacia	Privada	6
Centro para persoas con discapacidade	-	0

Asemade, as persoas coa axuda económica á dependencia concedida fan un total de 46, o que representa o 0,34% da poboación. En relación ás persoas demandantes de pensións non contributivas, son 263, o que significa o 1,96% da poboación total e, das mesmas, un 53,99% son por invalidez e, as restantes, por xubilación. (32)

4.2.2.1. Programas municipais

Cultura

Neste eido, o Concello ten diferentes programas e actividades (32), que son:

- Escolas culturais, cursos de alfabetización dixital e obradoiros socioculturais.
- Programa anual de animación á cultura.
- Programa anual de exposicións de artes plásticas.
- Convocatoria Premios Coruxa do Humor.
- Produción de exposición propias e para itinerancias (Pola Cara, Xeración Retranca, entre outros) do Museo do Humor.
- Ciclo de monólogos na primavera e no outono.
- Ciclo do Nadal.

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

- Ciclo do Entroido.
- Ciclo do Días das Letras Galegas.
- Ciclo do Día da Patria Galega.
- Programación anual de actuacións musicais, teatrais, contacontos, entre outros.
- Actividades de dinamización lingüística (concurso de Microrrelatos, Certame de Creación Artística, Semana da Ciencia en Galego).

Ocio

En relación á área dos deportes, o Concello posúe unha serie de escolas, programas e actividades, sumando un total de 58, descritos na Táboa X.

Táboa X. Escolas, programas e actividades deportivas no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Tipo	Número
Escolas deportivas municipais	38
Programas de deporte escolar	4
Probas de atletismo	3
Actividades BBT e de ciclismo	3
Exhibicións deportivas (baile, ximnasia rítmica, etc.)	4
Campionatos (Kárate, Cross)	2
Encontros deportivos amistosos	2
Cursos deportivos de verán	3
Campamentos, campus de verán	3
Carreiras populares	2

E, os asistentes a eventos deportivos no 2015 foi de 1.300 persoas aproximadamente. (32)

Mocidade

En canto á mocidade, o Concello non dispón de ningún programa específico para a mesma, mais lévanse a cabo os programas da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña. (32)

Tecido empresarial e mercado laboral

No Concello, tampouco existen programas destinados ao apoio ou creación de tecido empresarial nin á axuda ás persoas emprendedoras. Mais conta cun obradoiro de emprego. (32)

Participación cidadá

No referente á participación cidadá, en Fene non existen programas específicos para dita finalidade, mais dende o Concello están a planear a súa creación.

Saúde, benestar social e igualdade

Para o tema de saúde, benestar social e igualdade, o Concello posúe unha serie de programas, que se poden observar na Táboa XI.

Táboa XI. Tipo de programas de saúde, benestar social e igualdade no Concello de Fene no ano 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos cedidos polo Concello de Fene (32).

Nome	Tipo
De migración	Migración
Programa Tardes Activas: Recuperación de Memoria	Saúde e benestar social
Programa de tarxetas de estacionamento e accesibilidade	Saúde e benestar social
Servizo de Axuda no Fogar	Saúde e benestar social
Servizo de Teleasistencia Domiciliaria	Saúde e benestar social
Programa de Xantar na Casa	Saúde e benestar social
Verán máis alá	Conciliación laboral
Servizo Municipal de Atención á Igualdade:	Igualdade

4.2.3. Resumo dos resultados sobre o entorno e os recursos

A continuación, nas Táboas XII e XIII, preséntase un resumo dos resultados do apartado de entorno e recursos.

Táboa XII. Resumo dos resultados de entorno do apartado de entorno e recursos. Fonte: Elaboración propia.

Variables	Resultados
Medio ambiente e puntos de interese	Fene é un municipio marítimo cun importantes mostras de patrimonio artístico e cultural.
Servizos	Conta cun amplo número de servizos.
Distribución da poboación segundo as súas contornas	O 85,92% da poboación vive en zonas urbanas ou periurbanas.
Vivenda	Aumenta o número de vivendas.

Táboa XIII. Resumo dos resultados de recursos do apartado de entorno e recursos. Fonte: Elaboración propia.

Variables	Resultados
Seguridade e servizos	Existen 34 recursos de seguridade e servizos. Hai 24 efectivos de seguridade. Descoñécense o número de efectivos da Garda Civil.
Distribución dos recursos económicos do Concello	Onde máis presuposto se é en servizos, representando o 43,69% do gasto total.
Contexto cultural	Existen 6 recursos e 12 programas e actividades municipais
Recursos de ocio e deportivos	Cóntase con 10 parques e 2 paseos marítimos. Hai 16 recursos municipais deportivos e 58 escolas, programas e actividades.

Táboa XIII. (Continuación)

Variables	Resultados
Recursos de saúde, benestar social e saúde	<p>No Concello atópanse 19 recursos sociosanitarios e hai 8 programas municipais.</p> <p>En canto á mocidade, non existe ningún programa específico municipal.</p>
Accesibilidade do Concello	<p>Existen 9 paradas de autobús, 2 de tren e 2 de taxi. Hai un taxi adaptado.</p> <p>Non existe ningún edificio accesible.</p>
Recursos tecnolóxicos	Hai 14 ordenadores de uso público.
Recursos laborais e industriais	O Concello conta cun obradoiro de emprego e cun amplo territorio industrial.
Movemento asociativo	Existen 57 asociacións. Hai máis abundantes son as veciñais e non parroquiais e as deportivas.
Recursos educativos	En Fene hai 8 centros educativos, dos cales, 7 son de titularidade pública. As ensinanzas que se poden estudar nestes centros son: Infantil, Primaria, ESO, postobligatorias e de Adultos.
Recursos humanos do Concello	O Concello ten un persoal público de 101 persoas sen ningún terapeuta ocupacional.

4.3. Ocupación

No presente apartado móstranse os resultados obtidos en canto á categoría de ocupación. Estes resultados atópanse subdivididos da seguinte maneira: educación e traballo.

Educación

No tocante ao alumnado matriculado en Ensinanzas de Réxime Xeral, como se pode apreciar na Figura 22, dende o curso 2004-2005 ao 2007-2008, o alumnado diminuíu nun 7,93%. Do curso 2007-2008 ao 2010-2011, aumentou nun 4,13%. E, por último, do curso 2010-2011 ao 2011-2012, o alumnado diminuíu nun 4,76%.




Figura 22. Alumnado matriculado en Ensinanzas de Réxime Xeral en funcionamento por nivel de ensinanza no Concello de Fene de 2005 a 2012. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

*Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano.

En relación ao período dende o curso 2004-2005 ao 2011-2012, o alumnado diminuíu nun 8,54%. En canto a este último curso, o alumnado maioritario era aquel que cursaba os estudos de Educación Primaria, representando o 36,02%, seguido de aqueles que estaban na ESO, que era o 25,29% do total. E, en terceiro lugar, atópanse os estudos de Educación Infantil, significando o 18,60% do total.

Traballo

Con relación ao número de persoas afiliadas á Seguridade Social (SS) no Concello de Fene, como se pode apreciar na Figura 23, esta diminúe no período 2011-2015 nun 8,76%. De 2011 a 2014, este decrece progresivamente nun 12,26% e, de 2014 a 2015 aumenta nun 3,84%.




Figura 23. Número de persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo do Concello de Fene de 2011 a 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

Dende a perspectiva de xénero, pódese observar que no período 2011-2015, o número de homes afiliados á SS diminuíu nun 11,54% mentres que nas mulleres decreceu un 5,23%. Do 2011 ao 2014, nos homes diminuíu nun 17,02% e nas mulleres un 6,22%. Pola contra, de 2014 a 2015, nos homes aumentou un 6,20%, mentres que nas mulleres só un 1,05%. Por último, en canto ao 2015, o 54,22% das persoas afiliadas á SS son homes.

En referencia á idade das persoas afiliadas á SS, de media, como se pode observar na Figura 24, o grupo de idade máis representativo é o de 35-39 anos, sendo o 16,46% do total. Case na mesma porcentaxe, atópase xusto detrás aquel conformado polas persoas de entre 40 e 44 anos, representando o 16,42%.




Figura 24. Número de persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral por grupos de idade do Concello de Fene no 2015. Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do IGE (28).

Por outra banda, o grupo de idade con menos persoas afiliadas á SS e aquel composto polos de menos de vinte anos, sendo o 0,12%, seguido polo de 20-24 anos cun 3,11%

En canto ao desemprego do Concello, no 2015, un 9,95% da poboación total está no paro, o que supón que 1.225 persoas están desempregadas. E, 47 persoas menores de 25 anos atópanse na mesma situación no Concello, representando o 0,35% da poboación total e o 4,82% das persoas entre 15 e 24 anos. Mais para analizar estes datos hai que ter en conta que o 26,69% da poboación é maior de 65 anos, o que significa que son persoas inactivas. (32)

No que concirne ás persoas físicas do Concello, estas son 397, un 2,97% da poboación e, as Pequenas e Medianas Empresas (PEMES) son 721, correspondendo 1 por cada 18,56 habitantes. (32)

4.3.1. Resumo dos resultados sobre a ocupación

A continuación, na Táboa XIV, preséntase un resumo dos resultados do apartado de ocupación.

Táboa XIV. Resumo dos resultados de ocupación. Fonte: Elaboración propia.

Variables	Resultados
Traballo	No ano 2015, a maioría das persoas ocupadas atópanse entre os 35 e 44 anos. O 9,95% da poboación total de Fene está desempregada.
Educación	Decrece o alumnado. Neste último curso académico, a maioría do alumnado estaba conformado por aquel que estuda a Educación Primaria e a ESO.

5. Discusión

Respondendo á pregunta inicial, esta investigación permite describir as necesidades ocupacionais da poboación do Concello de Fene, que se discuten a continuación, así como, detectar as principais liñas de actuación máis urxentes, de aquí a 10 anos. Estas son: a atención ás persoas maiores máis alá de programas de memoria e atención domiciliaria; o acompañamento no proceso de xubilación, xa que debido ao envellecemento progresivo da poboación, cada vez máis persoas vivirán este proceso; a atención á infancia e á adolescencia, ademais de, á discapacidade e á dependencia, posto que non existe ningún recurso municipal con estes fins; a atención ás persoas en situación de desemprego ou precariedade laboral e; por último, fomentar e garantir a accesibilidade do entorno de Fene, así como, da entidade do Concello.

Envellecemento da poboación

En relación aos resultados obtidos da evolución da poboación, obsérvase que, ao igual que en Fene, na provincia da Coruña, Galicia e España, a poboación está a decrecer progresivamente. (27)

No referente ao resultado da evolución da natalidade e da mortalidade, a tendencia de España, cunha natalidade superior á mortalidade, rompe coa establecida en Fene, na provincia da Coruña e en Galicia, poñendo isto de manifesto o proceso de perda de poboación e avellentamento que está a sufrir Fene. Este proceso tamén é demostrado polo aumento da idade media da poboación do concello nos últimos anos, coincidindo coa tendencia crecente da provincia da Coruña, Galicia e España. Unha demostración máis do envellecemento que está a sufrir a poboación, é que algo máis da metade da mesma está conformada por persoas entre os 35 e os 69 anos, mentres que en Coruña e Galicia, a maioría da poboación atópase entre os 30 e os 54 anos e, en España, entre os 25 e os 59. (27,28)

Un estudo realizado polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), indica que o saldo vexetativo negativo de Fene será maior no ano 2030, sufrindo a poboación un proceso de envellecemento aínda maior que na actualidade, atopándose para daquela, nunha situación crítica (33). Coa perspectiva posta no futuro, urxe levar a cabo accións que garantan, tanto a curto como a longo prazo, a saúde e benestar das persoas maiores. O Artigo 6 das Resolucións da Segunda Asemblea Mundial sobre o Envellecemento, defende a capacitación das persoas de idade para garantir a súa saúde, benestar e calidade de vida, así como, a súa participación activa na comunidade, contribuíndo ao desenvolvemento da mesma (34). A pesar de este postulado por parte da ONU, a miúdo as persoas maiores sofren discriminación e exclusión por razón da súa idade, violando os seus dereitos e repercutindo negativamente na súa saúde e benestar (35). Para evitar que isto suceda, a OMS ao igual que a ONU, aposta por unha cidadanía participativa das persoas maiores posto que esta repercute positivamente na saúde, contribúe ao desenvolvemento da comunidade e a crear sociedades máis equitativas (35). Nesta mesma liña, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) defende este dereito á participación na cidadanía e establece que os valores básicos á hora de desenvolver políticas públicas orientadas ás persoas maiores son: autonomía, participación, compromiso, diversidade, recoñecemento, dignidade, igualdade, seguridade e benestar (36).

Enténdese envellecemento activo como “envellecer con boa saúde e como un membro completo da sociedade, sentíndonos máis satisfeitos cos nosos traballos, máis independentes na nosa vida diaria e máis involucrados como cidadáns” (Tradución propia) (37). O ano 2012 foi o Ano Europeo do Envellecemento Activo, co que se pretendía fomentar e dar apoio aos gobernos, tanto nacionais como locais, para promover o envellecemento activo entre a poboación (36), e ese mesmo tema foi o lema do 18º Encontro Anual da European Network of Occupational Therapy in Higher

Education (ENOTHE). Un estudo determina que o envellecemento activo promóvese a través da ocupación, mellorando así a saúde e a calidade de vida das persoas (38). Deste modo, a Terapia Ocupacional xoga un importante papel neste proceso.

Migración

A perda de poboación polo saldo vexetativo negativo de Fene vese incrementada polos movementos migratorios que se están a dar no Concello, xa que a inmigración ten unha tendencia decrecente mentres que, a emigración, aumenta cada vez máis, especialmente entre as mulleres. Este decrecemento da poboación, máis acentuada neste Concello que no resto do territorio galego, coruñés e español, reflexa a necesidade de actuación no ámbito da migración, intentando evitar que a poboación, tanto a inmigrante como a natural do municipio, marche do mesmo. En Europa a tendencia é outra, inmigra máis xente da que emigra, aínda que hai unha alta emigración entre os Estados Membros da Unión Europea (39).

Como se mostra en diferentes estudos, a migración provoca un cambio de roles nas persoas, inflúe sobre a súa actividade laboral, identidade cultural e persoal e, saúde e benestar. Por todo isto, o foco de actuación non só debería ser o mero feito de evitar a perda de poboación, senón garantir a súa xustiza ocupacional. Para isto, os terapeutas ocupacionais contan coas competencias necesarias para promocionar a cidadanía participativa, a saúde e o benestar entre as persoas inmigrantes, así como, garantir a seguridade cultural das mesmas. (15,19,40,41)

Risco de pobreza

No que concirne á pobreza, obsérvase que nos últimos anos diminúe a taxa de risco de pobreza na zona e en Galicia, mentres que na provincia da Coruña e en España aumenta, sendo a máis alta a do territorio español no ano 2015, cun 22,1%. (27,28)

No referente ao descrito anteriormente, as persoas en situación de pobreza teñen unhas condicións de saúde precarias; maiores dificultades no acceso ao coidado da saúde, á educación, á tecnoloxía e ás actividades de formación e ocio; atópanse nunha situación de exclusión financeira e teñen maiores niveis de débeda. Isto incumpre o Artigo 25 da Declaración dos Dereitos Humanos, onde se recoñece o dereito a toda persoa a ter “un nivel de vida axeitado que lle asegure a saúde e o benestar”, dando lugar a diferentes inxustizas ocupacionais. O primeiro obxectivo dos ODS é pór fin á pobreza para, deste xeito, conseguir unha sociedade xusta e equitativa (6). Neste eixo, os terapeutas ocupacionais apoian ás persoas que teñen dificultades de acceso á participación nas súas ocupación e, traballan coas comunidades para garantir e, con isto, lograr a consecución dunha sociedade con xustiza ocupacional. Un exemplo disto é o COPORE, un proxecto destinado á redución da pobreza dirixido pola terapeuta ocupacional e Doutora Honoris Causa da Universidade da Coruña, Hanneke van Bruggen (3,42,43).

Fogares

En canto á distribución da poboación no territorio, os resultados mostran que a maioría atópase nas zonas urbanas e periurbanas. En referencia ás vivendas, aumentan nos últimos anos no Concello, seguíndose a mesma tendencia no territorio coruñés, galego e español, aínda que o número de vivendas aumenta en maior medida. (27)

En relación aos fogares, obsérvase que en Fene os que crecen en maior medida son os compostos por unha soa xeración e os conformados por dúas persoas, pasando a ser os máis representativos. En canto ao número de persoas ocupadas nos fogares, no 2011, os maioritarios son os que non teñen ningunha persoa traballando. Asemade, en referencia ao número de persoas desempregadas nos fogares, os maioritarios no 2011 son aqueles que non teñen ningunha persoa desempregada. Todas estas tendencias son seguidas na provincia da Coruña, en Galicia e en España (27).

Os resultados obtidos desta investigación desvelan, en canto á composición dos fogares, que cambia nas últimas décadas. Prodúcese unha verticalización da familia, intimamente ligada coas taxas de natalidade e mortalidade, onde existen menos xeracións colaterais, repercutindo nas persoas con actividades de máis responsabilidade (36). Os anos que conviven varias xeracións dunha mesma familia aumentou nos últimos anos, o que xera que os compoñentes das familias desenvolvan roles familiares interxeracionais (36). Isto implica, en moitas ocasións, que as persoas máis novas teñen que proporcionar coidados aos seus familiares maiores que se atopan en situacións de dependencia (36). A Terapia Ocupacional pode mellorar a saúde e calidade de vida das persoas dependentes e dos seus coidadores mediante a promoción da participación nas ocupacións significativas, así como, asesorar á familia e adaptar o entorno.

Entorno accesible

No concello non existe ningún edificio accesible, o que limita a participación na comunidade das persoas con diversidade funcional. Un estudo demostra que actuar sobre as barreiras do entorno facilita a inclusión e proporciona benestar ás persoas con diversidade funcional. É necesario un esforzo colectivo de diferentes actores sociais, como os profesionais da saúde e os gobernos, para conseguir entornos accesibles inclusivos. O terapeuta ocupacional é un deses actores que pode promover os entornos inclusivos grazas aos seus coñecementos. Débese entender entorno como aqueles ambientes nos que a persoa realiza as ocupacións, polo que é tanto o entorno físico, como o laboral, entre outros. O terapeuta ocupacional pode, entre outras adaptacións, colaborar convertendo o entorno físico nun ambiente accesible para promover unha comunidade inclusiva para todos os seus membros. (44,45)

Recursos

O Concello dispón dunha ampla gama de recursos entre os que destaca o gran número de asociacións existentes. A dispoñibilidade nestes recursos é unha fortaleza posto que fomentan a participación cidadá. Esta participación activa na comunidade por parte da poboación, promociona a súa saúde benestar e calidade de vida (15). O terapeuta ocupacional, como axente social transformador de cambio, dende un recurso comunitario pode xerar alianzas entre as distintas asociacións para desenvolver programas que favorezan a cidadanía e, polo tanto, a saúde da poboación (20).

Educación

Segundo a CE, o abandono escolar implica desemprego, exclusión social e pobreza, así como, que as medidas para combatelo deben pasar por políticas educativas, sociais, de traballo e saúde (46). No ano 2012, a taxa de abandono escolar en Europa era do 12,7%, sendo duplicada por España cun 24,9%, poñendo de manifesto a necesidade de actuación neste eido (47).

En relación ao alumnado existente no Concello de Fene, este diminúe nos últimos anos, mentres que na provincia da Coruña, Galicia e España aumenta (28,48). Esta tendencia decrecente no Concello é de esperar debido á baixa natalidade existente na actualidade e á súa evolución negativa nos anos.

En canto aos centros educativos de Réxime Xeral, estes mantéñense en número nos últimos anos, mentres que na provincia da Coruña, Galicia e España aumentan (28,48). Esta diferenza é entendible xa que a poboación de Fene diminúe. En relación á titularidade dos centros en Fene, entre estes cursos mantense a proporción pública/privada, mais na provincia da Coruña, Galicia e España, aumenta a proporción dos centros de titularidade privada (28,48).

Este aumento dos centros privados deixa entrever o proceso de privatización que está a sufrir a educación pública en España, dificultando o acceso á mesma. Este proceso afecta en maior medida a aquelas persoas que se atopan en situación de pobreza, marxinação ou teñen unha discapacidade (49). Isto pon en cuestión o cumprimento do Artigo 26 da Declaración Dos Dereitos Humanos e o Artigo 27 da Constitución Española que expoñen que todas as persoas teñen dereito á educación e á gratuidade da mesma (42,50). Os ODS poñen de manifesto que a “educación de calidade é base para mellorar a vida das persoas e o desenvolvemento sostible” e pula polo dereito de todas as persoas a unha educación de calidade (6). Pola súa banda, a Terapia Ocupacional pula por unha educación inclusiva e o acceso á mesma para todas as persoas, contribuíndo ao alcance dunha sociedade equitativa e inclusiva, así como, á capacitación das persoas para poder levar a cabo actividades significativas na súa comunidade escolar (16,51).

Traballo

No que concirne ao traballo, o número de persoas afiliadas á SS no Concello de Fene, entre 2011 e 2014 diminúe, non obstante, aumenta no ano 2015. Esta mesma tendencia séguese na provincia da Coruña, en Galicia e en España. Actualmente, en Fene, segue a haber máis homes que mulleres afiliados á SS, sucedendo do mesmo xeito no resto de territorios. (27,28)

En canto ao traballo, a OMS defende que “é o medio polo cal unha persoa pode escapar da pobreza e satisfacer as necesidades da súa vida” (52), mais isto queda demostrado que non sempre sucede, especialmente nos casos en que existe precariedade laboral, afectando esta principalmente ás mulleres (53,54). Esta precariedade laboral ten unha afectación directa sobre a saúde, o benestar e a calidade de vida das persoas (55,56), xerando situacións de inxustiza ocupacional. Estas situacións incumpren o Artigo 35 da Constitución Española e o Artigo 25 da Declaración dos

Dereitos Humanos, onde se recolle o deber de traballar e o dereito ao traballo, sen discriminación por razón de xénero, cunha remuneración suficiente para facer fronte ás necesidades da vida diaria e que garanta a saúde e o benestar das persoas (42,50). Debido a que o traballo é a principal ocupación na etapa adulta das persoas, o desemprego e a precariedade laboral provocan un desequilibrio ocupacional. O terapeuta ocupacional debe fomentar a creación de redes e apoio para a creación de políticas que garantan o seu dereito ao traballo e a seguridade e calidade do mesmo, así como, crear alianzas entre os diferentes actores sociais implicados.

O Goberno actual do Concello de Fene, asinou un Programa de Actuación (57) no municipio na súa conformación no ano 2015. Neste documento, o Goberno Municipal comprométese a apoiar unha serie de liñas estratéxicas, nas cales, a terapia ocupacional podería apoiar e facilitar a consecución das mesmas por todo o relatado anteriormente. As principais liñas nas cales o terapeuta ocupacional como actor social transformador de cambio podería realizar as súas achegas son:

- A dotación de mecanismos e estruturas que impulsen a participación da veciñanza e conseguir unha profunda democratización do Concello.
- Crear órganos de participación social.
- Que a información estea actualizada e sexa accesible a toda a veciñanza.
- Que se informe publicamente dos proxectos de interese dende a súa fase inicial e a veciñanza participe na elaboración dos mesmos.
- A creación dunha mesa polo emprego, na cal estean representados os diferentes actores sociais involucrados.
- A mellora da área de formación impulsando cursos de calidade.
- Levar a cabo unha estratexia de acción transversal coas concellerías con competencias no ámbito da protección e promoción das persoas desfavorecidas.

- O impulso de programas de intervención familiar para prever e evitar situacións de exclusión.
- Promover a plena inclusión das persoas con diversidade funcional.
- Impulsar a creación dun Servizo de Atención a Nenos e Nenas con Diversidade Funcional en colaboración con outros concellos, institucións públicas e entidades sociais.
- A atención ás mulleres en risco de exclusión social e en risco por violencia de xénero.
- Promover, dende os servizos sociais do Concello, un Centro de Recursos Comarcal no que teñan cabida todas as entidades sociais e, conxuntamente, garantir as demandas básicas das persoas con máis necesidades.
- Potenciar programas de educación e sensibilización ambiental, apoiando ás asociacións e movementos sociais de protección do medio ambiente e da natureza.
- Facer unha análise completa da situación da práctica do exercicio físico e o deporte no concello.

O rol a desenvolver polo terapeuta ocupacional nestes eidos é o de crear alianzas entre os diferentes actores sociais implicados nas diversas temáticas, fomentar a participación cidadá a través da ocupación para promover a saúde, o benestar e a calidade de vida.

Limitacións do estudo

No tocante ás limitacións atopadas ao longo da realización deste estudo, cabe resaltar a inexistencia de algúns datos de fontes fidedignas, así como, de estudos similares focalizados na saúde pública dende unha perspectiva ocupacional con mirada crítica.

Futuras liñas de investigación

En relación coas futuras liñas de investigación, debido a que o significado das ocupacións é subxectivo en función da persoa e a cultura, sería interesante realizar un estudo cualitativo que complemente o presente, dándolle voz aos actores implicados da comunidade e, ampliando a visión das necesidades ocupacionais da poboación de Fene e das liñas máis urxentes de actuación.

6. Conclusións

Para poder desenvolver actuacións dende Terapia Ocupacional co obxectivo de mellorar a Saúde Pública, débense facer cunha mirada ampla da comunidade, involucrándoa no proceso. A Terapia Ocupacional contribúe á consecución de sociedades máis xustas e equitativas mediante a xustiza ocupacional.

O envellecemento da poboación no Concello de Fene é cada vez maior e representa un desafío colectivo. Proporcionarlle saúde, benestar e calidade de vida ás persoas maiores debe ser unha das prioridades de actuación para as autoridades.

O desemprego e a precariedade laboral é un problema social que pode xerar situacións de pobreza, o que afecta directamente na saúde das persoas e no benestar de toda a poboación.

Sería interesante seguir esta investigación dándolle voz aos actores implicados da sociedade para así coñecer a visión subxectiva sobre as necesidades ocupacionais que presenta a comunidade de Fene.

7. Agradecementos

Á miña titora Inés Viana por confiar en min e neste traballo cando sabía que moi pouca xente o faría. Polo seu apoio, preocupación e, por permitirme coñecela. E, por suposto, por ser quen plantou en min a semente que está a xermolar dunha outra visión da Terapia Ocupacional.

A Xoán pola súa achega e entusiasmo inicial.

Á profesora Natalia Rivas por aportar perspectiva en momentos de dúbida.

Aos meus pais, porque sen eles non sería a persoa que son e por permitirme chegar a onde estou pero, por suposto, polo seu apoio incondicional neste proceso e na vida.

Á miña irmá e ao meu cuñado por darme o mellor agasallo posible.

Ao Concello de Fene pola súa colaboración neste proceso e, especialmente, a Sandra pola súa implicación no mesmo.

A Mélanie e Lucía por ser as miñas compañeiras de vida nestes tres últimos anos. Polos bos e maravillosos momentos compartidos xuntas pero, sobre todo, por aportar luz nos días de máis escuridade.

E, por último, unha mención especial a Jake Sully, polo apoio incondicional, a motivación e a inspiración nos días de frustración e desesperanza durante estes catro anos. Polas longas noites de parchís, os refrixerios con pincho (e sen el) e as conversacións dende o balcón. Por todo isto, por SER e por ESTAR, moitas grazas.

8. Bibliografía

1. Poletto M, Koller SH. Contextos ecológicos: promotores de resiliência, fatores de risco e de proteção [Ecological contexts: furthering resilience, risk and protection factors]. *Estud psicol.* 2008;25(3):405-16.
2. Organización Mundial de la Salud. Determinantes sociales de la salud [Internet]. Recuperado a partir de: http://www.who.int/social_determinants/es/
3. van Bruggen H, Kantartzis S, Rowan S, editores. COPORE. Competences for poverty reduction [Internet]. Amsterdam: ENOTHE; 2010. Recuperado a partir de: www.enothe.euhttp://enothe.eu/WordpressDocuments/Projects/public_part_Final_Report_2009_3382_EN_COPORE.pdf
4. Comisión sobre Determinantes Sociales de la Salud. Subsana las desigualdades en una generación. Alcanzar la equidad sanitaria actuando sobre los determinantes sociales de la salud. Organización Mundial de la Salud; 2009.
5. European Commission. Joint report on social protection and social inclusion 2010. 2010.
6. Organización de Naciones Unidas. Objetivos de Desarrollo Sostenible [Internet]. 2015. Recuperado a partir de: http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/pdf/MDG_Report_2010_SP.pdf
7. Comisión Europea. Europa 2020: Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador. 2010.
8. Organización Mundial de la Salud. Introducción. En: Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC [Internet]. Ginebra; 2012. Recuperado a partir de: <https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809>

9. Organización Mundial de la Salud. Componente de Fortalecimiento. En: Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC [Internet]. Ginebra; 2012. Recuperado a partir de: <https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809>
10. Whiteford G. Occupational Deprivation: Global Challenge in the New Millennium. *Br J Occup Ther*. 2000;63(5):200-4.
11. Fransen H, Pollard N, Kantartzis S, Viana-Moldes I. Participatory citizenship: Critical perspectives on client-centred occupational therapy. *Scand J Occup Ther* [Internet]. 2015;22(4):260-6. Recuperado a partir de: <http://www.tandfonline.com/doi/full/10.3109/11038128.2015.1020338>
12. Townsend E. Occupation: Potential for personal and social transformation. *J Occup Sci* [Internet]. 1997;4(1):18-26. Recuperado a partir de: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/14427591.1997.9686417>
13. Hocking C, Townsend EA. Driving Social Change: Occupational Therapists' Contributions to Occupational Justice. *World Fed Occup Ther Bull*. 2015;0(0):1-4.
14. Townsend E, Wilcock AA. Occupational justice and client-centred practice: A dialogue in progress. *Can J Occup Ther*. 2004;71(2):75-87.
15. Fransen H, Kantartzis S, Pollard N, Viana-Moldes I. Citizenship: exploring the contribution of Occupational Therapy [Internet]. ENOTHE Citizenship working group; 2013. Recuperado a partir de: http://www.enothe.eu/activities/meet/ac13/CITIZENSHIP_STATEMENT_ENGLISH.pdf
16. World Federation of Occupational Therapists. Declaración de posicionamiento. Educación inclusiva en Terapia Ocupacional. 2009; Recuperado a partir de: www.wfot.org/ResourceCentre.aspx

17. van Bruggen H, Kantartzis S, Rowan S. Position Statement. Community Based Rehabilitation [Internet]. Amsterdam: ENOTHE; 2004. Recuperado a partir de: www.wfot.org/ResourceCentre.aspx
18. World Federation of Occupational Therapists. Declaración de posicionamiento sobre Diversidad y Cultura. 2010; Recuperado a partir de: www.wfot.org/ResourceCentre.aspx
19. Kinébanian A, Stomph M. Guiding principles on Diversity and Culture. World Fed Occup Ther [Internet]. 2009; Recuperado a partir de: <http://www.wfot.org/>
20. The Tuning Occupational Therapy Project Group. Tuning Educational Structures in Europe. En: Reference Points for the Design and Delivery Degree Programmes in Occupational Therapy. Bilbao: Universidad de Deusto; 2008.
21. Wilcock A, Hocking C. An Occupational Perspective of Health. 3ª ed. Thorofare: SLACK Incorporated; 2015.
22. Law M, Cooper B, Strong S, Stewart D, Rigby P, Letts L. The Person-Environment-Occupational Model: A transactive approach to occupational performance. *Can J Occup Ther*. 1996;63:9-23.
23. Concello de Fene. Fene Ciudadán [Internet]. 2016. Recuperado a partir de: www.fenecidadan.net
24. Pérez Rodríguez MA. Astano II. Un estaleiro na ría. 2ª ed. Izar Astillero Fene; 2003.
25. Rei Castro L. Astano. A empresa, a comisión obreira e a conflitividade (1941-1977). Santiago de Compostela: Fundación 10 de Marzo; 2003.
26. Zaera Ríos E, Maíz Vázquez B, de Juan-García Aguado JM, González López PB, Salamanca Giménez A, González-Llanos Galvache S, et al. A Construcción Naval na Ría de Ferrol. *Cad Ateneo Ferrol*. 2008;19.
27. Instituto Nacional de Estadística [base de datos en Internet]. 2016. Recuperado a partir de: www.ine.es

28. Instituto Galego de Estatística [base de datos en Internet]. 2016. Recuperado a partir de: www.ige.eu
29. Kielhofner G. El paradigma contemporáneo: un retorno a la ocupación como el centro de la profesión. En: Fundamentos conceptuales de la Terapia Ocupacional. 3ª ed. Philadelphia: Médica Panamericana; 2004. p. 64-71.
30. Hernández Sampieri R, Fernández Collado C, Baptista Lucio MP. Metodología de la investigación. 6ª ed. México: McGraw-Hill; 2014.
31. Amor Otero M, Arias Santos I, Cruz del Río J, Des Diz JJ, García Mayor R, Gómez Besteiro I, et al. Normas de boa práctica en investigación en seres humanos: Guía para o investigador [Internet]. Xunta de Galicia; 2007. Recuperado a partir de: <https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/gal/Publicaciones/Docs/PIOrSanitaria/PDF7-92.pdf>
32. Concello de Fene. 2016.
33. Aldrey Vázquez JA, Del Río Franqueira D. Crónica de un envejecimiento anunciado: Galicia 2015-2030. En: Cambio demográfico y socio territorial en un contexto de crisis [Internet]. Sevilla: XIV Congreso Nacional de la población; 2014. Recuperado a partir de: <http://www.agepoblacion.org/images/congresos/sevilla/DOC6.pdf>
34. Organización de Naciones Unidas. Informe de la Segunda Asamblea Mundial sobre el Envejecimiento [Internet]. New York; 2002. Recuperado a partir de: <http://www.un.org/es/comun/docs/?symbol=A/CONF.197/9>
35. Organización Mundial de la Salud. Informe Mundial sobre el Envejecimiento y la Salud. 2015.

36. Instituto de Mayores y Servicios Sociales. Libro Blanco del Envejecimiento Activo [Internet]. Madrid: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad Secretaría General de Política Social y Consumo Instituto de Mayores y Servicios Sociales; 2011. Recuperado a partir de: http://www.imserso.es/InterPresent1/groups/imserso/documents/binario/8088_8089libroblancoenv.pdf
37. European Network of Occupational Therapy in Higher Education. The 18th Meeting of ENOTHE. En 2012. Recuperado a partir de: http://www.enothe.eu/activities/meet/ac12/THE_18TH_MEETING_OF_ENOTHE_PROGRAMME.pdf
38. Aguilar Parra JM, Álvarez Hernández J, Fernández Campoy JM, Salguero García D, Pérez-Gallardo ER. Investigación sobre Envejecimiento Activo y Ocupación como fuente de salud y calidad de vida. *J Educ Dev Psychol*. 2013;2(147-153).
39. Eurostat Statistics. Estadísticas de migración y población migrante [Internet]. 2016. Recuperado a partir de: http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Migration_and_migrant_population_statistics/es#Estad.C3.ADsticas_de_migraci.C3.B3n_y_poblaci.C3.B3n_migrante
40. Bennett KM, Scornaiencki JM, Brzozowski J, Denis S, Magalhaes L. Immigration and its Impact on Daily Occupations: A Scoping Review. *Occup Ther Int* [Internet]. diciembre de 2012;19(4):185-203. Recuperado a partir de: <http://doi.wiley.com/10.1002/oti.1336>
41. Achotegui Loizate J. Migración y salud mental. El síndrome del inmigrante con estrés crónico y múltiple (síndrome de Ulises). *Zerbitzuan*. 2009;(46):163-71.
42. Organización de Naciones Unidas. Declaración de los Derechos Humanos. París; 1948.

43. World Federation of Occupational Therapists. Declaración de posición sobre los derechos humanos [Internet]. 2008 [citado 19 de abril de 2016]. p. 1-2. Recuperado a partir de: www.wfot.org
44. Layton N, Steel E. «An Environment Built to Include Rather than Exclude Me»: Creating Inclusive Environments for Human Well-Being. *Int J Env Res Public Heal* [Internet]. 8 de septiembre de 2015;12(9):11146-62. Recuperado a partir de: <http://www.mdpi.com/1660-4601/12/9/11146/>
45. Baz Alonso C, Bello Gómez S, Fernández Lamas A, García Álvarez J, Piñeiro Pillado G, Romeu Ces T. ¿Es accesible nuestro entorno? *To* [Internet]. 2010;7(6):213-9. Recuperado a partir de: <http://www.revistatog.com/suple/num6/entorno.pdf>
46. Comisión Europea. Abandono escolar [Internet]. 2016. Recuperado a partir de: http://ec.europa.eu/education/policy/school/early-school-leavers_es.htm
47. European Commission. Reducing early school leaving: Key messages and policy support. 2013;(November). Recuperado a partir de: http://ec.europa.eu/education/policy/strategic-framework/doc/esl-group-report_en.pdf
48. EDUCAbase [base de datos en Internet] [Internet]. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte; 2016. Recuperado a partir de: <http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/no-universitaria.html>
49. Organización Mundial de la Salud. Componente de Educación. En: *Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC* [Internet]. Ginebra; 2012. Recuperado a partir de: <https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809>
50. Cortes Generales de España. Constitución Española [Internet]. 1978. Recuperado a partir de: http://www.lamoncloa.gob.es/NR/rdonlyres/79FF2885-8DFA-4348-8450-04610A9267F0/0/constitucion_ES.pdf

51. Garbiñe Guerra B. Terapia Ocupacional en la escuela: de la teoría a la práctica. TOG (A Coruña) [Internet]. 2015;monog 7:115-26. Recuperado a partir de: <http://www.revistatog.com/mono/num7/escuela.pdf>
52. Organización Mundial de la Salud. Componente de Subsistencia. En: Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC [Internet]. Ginebra; 2012. Recuperado a partir de: <https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809>
53. Zalakain J. Trabajo, trabajadores pobres e inserción social. Doc Soc. 2006;143:45-76.
54. Carrasquer Oto P, Torns Martín T. Cultura de la precariedad: conceptualización, pautas y dimensiones. Una aproximación desde la perspectiva de género. Soc y Utopía. 2007;29:139-56.
55. Etxezarreta M. El pleno empleo y la plena precariedad. Soc y Utopía. 2007;29:182-202.
56. Viana-Moldes I, García Pinto M del C, Ávila Álvarez A. Ocupación Alienante versus Ocupación Significativa.
57. Plan Estratégico Concello de Fene 2015-2019. Fene; 2015.

Apéndices

Apéndice I: Glosario de Acrónimos

Astano	Astilleros y Talleres del Noroeste, S.A.
CDSS	Comisión sobre Determinantes Sociais da Saúde
CE	Comisión Europea
COTEC	Council of Occupational Therapists for the European Countries
ENOTHE	European Network of Occupational Therapy in Higher Education
ESO	Educación Secundaria Obrigatoria
FP	Formación Profesional
INDEGA	Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia
IGE	Instituto Galego de Estatística
IMSERSO	Instituto de Maiores e Servizos Sociais
INE	Instituto Nacional de Estadística
ODS	Obxectivos do Desenvolvemento Sostible
OMS	Organización Mundial da Saúde
PEMES	Pequenas e Medianas Empresas
PEO	Modelo Persoa-Entorno-Ocupación
RBC	Rehabilitación Baseada na Comunidade
SS	Seguridade Social
UE	Unión Europea
WFOT	Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais

Apéndice II: Busca de evidencia científica

A busca de evidencia científica realizouse mediante diferentes bases de datos, tanto de carácter nacional como internacional. Os descritores empregados, tanto en inglés como en castelán, foron: “Terapia Ocupacional”, “Saúde Pública” e “España”.

As bases de datos empregadas e os resultados obtidos en cada unha delas son os detallados a continuación:

Bases de datos	Número de resultados
PubMed	9
Scopus	3
Lilacs	0
Dialnet	0

Apéndice III: Documento de colaboración na investigación

DOCUMENTO DE COLABORACIÓN NA INVESTIGACIÓN

Eu, _____, con D.N.I. _____, estudante do Grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña, presento este documento ao Concello de Fene para solicitar os datos mencionados no mesmo co fin de empregalos nunha investigación.

Dita investigación realízase co fin de levar a cabo o Traballo de Fin de Grao da citada carreira sobre as necesidades ocupacionais do Concello de Fene. A mesma podería ser publicada nos medios de difusión no ámbito da investigación.

Prégase que se cubran os datos reflexados e se faciliten os documentos solicitados a continuación para poder levar a cabo dita investigación.

Todos os datos solicitados refírense ao ano 2015. Prégase que se os datos existentes son anteriores ao mesmo, facilítense indicando o ano ao que fan referencia.

Moitas grazas pola colaboración,

Asinado: _____

En Fene, a ____ de _____ de 2016

Necesidades ocupacionais da poboación de Fene: un estudo documental

Eu, _____,
con D.N.I. _____, en calidade de _____
_____ do Concello de Fene; autorizo a
_____, con D.N.I. _____, estudante do Grao de Terapia
Ocupacional da Universidade da Coruña, a usar os datos cedidos polo
Concello de Fene en dita investigación.

Do mesmo xeito, autorízase o uso do nome do Concello de Fene na
mesma.

Acordando esta colaboración e a cesión e uso dos datos, asinan ambas
partes,

D/D^a: _____ D/D^a: _____

En Fene, a _____ de _____ de 2016

Moitas grazas pola súa colaboración,
